

Mugardos, 18 de outubro de 2013

Estimados pais e nais:

O vindeiro 24 de outubro está convocada unha xornada de folga do ensino en todos os sectores e todos os niveis educativos. Ademais, outra organización estudantil amplía a convocatoria aos días 22 e 23. Tendo en conta o artigo 15 das Normas de Organización e Funcionamento do IES Mugardos:

“Coa finalidade de estimular a participación do alumnado nos centros educativos, estes deberán facilitar o dereito de reunión. As decisións colectivas que adopte o alumnado, a partir do terceiro curso de ESO, con respecto á asistencia á clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando sexan o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do centro. Para tal fin establécese que deberán ser decisións colectivas por razóns xerais e comunicadas á Dirección previamente (48 horas) pola Xunta de Delegados. (LOE)
De se producir esta situación, o centro deberá comunicar aos pais a convocatoria desa folga para o seu coñecemento. O profesorado deberá trasladar a falta do alumnado ausente ao XADE e comunicala en conserxería o antes posible quedando esta información a disposición dos titores e da Xefatura de Estudos, que poderán comunicala de xeito inmediato ás familias ou aos servizos da Policía Municipal en caso de se tratar de alumnado de escolarización obrigatoria.”

Comunicámolles que o alumnado do IES Mugardos, excepto 1º e 2º ESO, anuncia a intención de secundar a folga en escrito dirixido nestes termos á dirección do centro:

A xunta de delegados reunidos o día 17 de outubro de 2013 decide convocar folga os días 22, 23 e 24 de outubro polos seguintes motivos:

- A LOECE implantará até 4 exames de carácter estatal aos 8, 11, 15 e 18 anos, para asegurar e impulsar da educación ao alumnado con máis dificultades, separando ao estudentado en función das súas cualificacións, para que só unha minoría chegue ao bacharelato e universidade.
- Privatización e desmantelaron o ensino público.
- Queren esparadizar o ensino. Trazemos menos contidos sobre a nosa realidade económica, social, cultural ou natural.
- A LOECE favorecerá aínda máis a relixión en todo o ensino, tamén no bacharelato.
- E haberá máis recortes no ensino público: despedida de máis de 2500 profesores/as e copago nos comedores escolares.

3º ESO A - Nuria Paz ~~XXXXX~~ Paz
3º ESO B - Aínea Platas ~~XXXXX~~
4º ESO - Javier Masevas ~~XXXXX~~
1º BAC A - Iria Regueiro ~~XXXXX~~
1º BAC B - Juan Esudero ~~XXXXX~~
2º BAC A - Sara Freire ~~XXXXX~~
2º BAC B - Alicia Pereto ~~XXXXX~~
2º PEPI - Antonio Núñez ~~XXXXX~~

Os servizos do centro (clases, transporte, oficinas,...) funcionarán con normalidade en cumprimento da orde de servizos mínimos que dite a Consellería de Educación. Dende a dirección do centro pedimos a vosa actuación como pais/nais responsables.

Atentamente, saúdaos

Serafin Álvarez Rodríguez
Director do IES Mugardos